Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Unha misa na noite

No Vilar das Ameixeiras, parroquia de San Vicente de Aro, en Negreira (A Coruña) un labrego voltaba á noite cara a súa casa, logo de pasar varias horas moendo millo no muíño do lugar. Ao cruzar por diante da igrexa, viu que a porta estaba entreaberta e que dentro había lus. Como tamén sentiu como unha letanía, entrou. Ollou entón a un crego dando misa e a varios fregueses atendendo, todos de costas a el. Era ben estraño un oficio a tales horas, pero o home decidiu quitar a boina e sentar no último escano. De súpeto, todos os presentes deron volta cara a el, e o paisano ficou aterrado ao comprobar que diante súa non había senón esqueletes, o crego incluido. Á mañá seguinte, os veciños atopárono esbroado no adro da igrexa, medio ido e esbardallando. Non se sabe se recuperou ben o tino, pero si que puido contarlle a historia a un seu amigo. [Texto remitido por Serxio González Souto, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra]

BIBLIOGRAFÍA

NOTA:

É unha historia relatada pola miña avoa á miña nai hai xa ben de anos. Ela vivía entón no Vilar das Ameixeiras, pero o lugar da lenda ben podería situarse no Val, en Narón, onde nacera e pasara a nenez ata que casou.

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.